

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR BAREMO

Decreto 13/2022 de 13 de febreiro (DOG 11/02/2022). Orde 21 de outubro de 2022 (DOG 212, 8 de novembro) Instrucións da Dirección Xeral de RRHH sobre desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado para o curso 2024-2025

DE HABER MÁIS SOLICITUDES QUE PRAZAS- PRAZO PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN DO 21 DE MARZO AO 5 DE ABRIL

<p>IRMÁNS NO CENTRO ou adscrito. 1º irmán: 8 puntos Máis irmáns: 2 puntos por cada un ata un máximo de 14 puntos Parto múltiple con solicitude no mesmo centro: 8 puntos se son dous e 10 puntos se son máis de 2.</p>	<p>Só se terán en conta os/as que vaian continuar escolarizadas/os nel durante o curso escolar para o que se solicita admisión. Copia completa do libro ou libros de familia. Acollemento: Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.</p>
<p>NAI, PAI, TITOR OU TITORA QUE TRABALLE NO CENTRO EDUCATIVO.: 3 puntos</p>	<p>No prazo de presentación de solicitude, estea vinculado/a co centro. A acreditación deste criterio será realizada polo propio centro incorporando ao expediente a documentación que proceda.</p>
<p>PROXIMIDADE DO CENTRO EDUCATIVO AO DOMICILIO FAMILIAR. Área de influencia: 8 puntos Áreas limítrofes: 4 puntos</p>	<p>Deberá indicar, para os efectos de baremo, a opción polo domicilio familiar ou polo lugar de traballo. Domicilio familiar: considérase domicilio familiar aquel en que convivan habitualmente os membros computables da unidade familiar cunha antigüidade mínima dun ano respecto do inicio do prazo de presentación de solicitudes. Certificado de padrón: antigüidade mínima de 1 ano. En caso de non ter antigüidade mínima de 1 ano: Escritura de compravenda ou aluguer do domicilio e contrato de alta de recibos luz, auga gas,... Familias de acollida: Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de traballo e Benestar.</p>
<p>PROXIMIDADE DO CENTRO EDUCATIVO AO LUGAR DE TRABALLO. Área de influencia: 6 puntos Área limítrofe: 3 puntos</p>	<p>Por conta allea: Contrato de traballo e informe de vida laboral Se son por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo. Administracións Públicas: certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.</p>
<p>RENDA ANUAL. Inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos Igual ou superior a 0,75 veces o IPREM: 1 punto. Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos.</p>	<p>Exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude. (Renda 2022) Suma das casiñas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro). O resultado divídese entre os membros da unidade familiar a 1 de marzo de 2024. En caso de declaracións individuais hai que sumar as cantidades de ambas declaracións. O valor do IPREM do ano 2022 é 6948.24€</p>
<p>FAMILIA NUMEROSA. Categoría especial: 3 puntos Categoría xeral: 2 puntos.</p>	<p>Título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación</p>
<p>FAMILIA MONOPARENTAL. 2 puntos</p>	<p>Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.</p>
<p>DISCAPACIDADE. Do alumno/a: 4 puntos Dos pais/nais/titores: 3 puntos Dos irmáns/ás: 1 punto.</p>	<p>Certificación do grao de minusvalía igual ou superior ao 33% Mediante xustificación de cobro dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou dunha pensión equivalente de Clases Pasivas.</p>
<p>VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO . 2 puntos</p>	<p>Calquera dos documentos indicados no artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo ou calquera outra documentación que se estableza regulamentariamente.</p>
<p>VÍTIMA DE TERRORISMO. 2 puntos</p>	<p>Certificado de vítima de terrorismo de acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.</p>
<p>CRITERIO COMPLEMENTARIO DO CENTRO: Alumnado que poida ser usuario lexítimo do servizo do transporte escolar: 1 punto</p>	<p>A mesma documentación que para a proximidade do centro ao domicilio familiar.</p>